

Indicadores I+D+i

COMUNICADO

A actividade inventiva experimenta un forte aumento no 2005 en Galicia

Aumentan as solicitudes de patentes e modelos de utilidade per cápita

Parece que a actividade inventiva galega pasa por un bo momento á vez que aumenta o esforzo pola calidade das empresas; atopámonos por exemplo cunha taxa de crecemento interanual 2004-2005 do 34,7% no caso das certificacións da norma medioambiental ISO 14000.

Segue baixando a porcentaxe tanto de exportación como de importacións de manufacturas intensivas en tecnoloxía

Diminúe a porcentaxe representada por estas partidas no comercio exterior galego máis a porcentaxe de empresas galegas en ramas de servizos intensivos en formación de tecnoloxía punta sí aumenta no ano 2004 (Último ano do que temos datos).

Forte penetración da Banda Ancha nas empresas e fogares galegos

A porcentaxe de penetración da Banda Ancha nos fogares galegos con acceso a internet case se duplica entre os anos 2003 e 2005 e esta mesma porcentaxe no caso das empresas acada un valor no 2005 de 74,06.

O IGE amplía a serie de indicadores de I+D+i

Nesta serie de indicadores se trata de presentar uns referentes básicos de I+D+i para a nosa Comunidade Autónoma.

Se presentan tanto indicadores xerais da situación de Galicia coma unha análise de variables específicas no ámbito da I+D a partir da explotación de datos de enquisas e rexistros. Este ano ademais introducíronse algúns indicadores relativos ás TIC. O obxectivo perseguido por esta actividade estatística é a elaboración dunha serie de indicadores internacionalmente aceptados, que traten de recoller tódalas variables relevantes en materia de innovación e I+D e que nos permitan analizar a repercusión e evolución das medidas adoptadas neste campo.

Na páxina web do IGE pódense atopar as táboas de resultados así como unha metodoloxía e unha breve introdución histórica da evolución dos indicadores rexionais de I+D.

Esperamos que esta información sirva como instrumento para afondar no desenvolvemento e coñecemento da nosa Comunidade.

Na táboa da páxina seguinte presentamos unha síntese dos principais indicadores:

Táboa 1. Principais resultados

	2000	2001	2002	2003	2004	2005
Indicadores xerais						
PIB por habitante (miles de euros)	12,32	13,21	14,02	14,83	16,17	17,33
Orzamentos. Investigación científica, técnica e aplicada (miles de euros)	44.137,99	49.501,41	62.983,00	64.015,90	74.240,13	82.988,08
Indicadores I+D+i						
Persoal en I+D por cada mil activos (en EDP)	4,65	4,97	5,10	5,86	6,40	..
Investigadores por cada mil activos (en EDP)	3,27	3,56	..	3,82	4,35	..
Gastos en I+D en % do PIB (esforzo en i+d)	0,62	0,67	0,76	0,83	0,84	..
Gastos en I+D per cápita (euros)	76,67	87,92	107,11	123,02	133,15	..
Actividade inventiva (solicitudes patentes/millón de habitantes)	35,51	33,30	38,36	38,53	39,99	46,70
Actividade inventiva (solicitudes modelos utilidade/millón de habitantes)	29,65	27,08	34,34	42,89	40,71	45,62
Certificación Norma ISO 9000. Número de empresas (Galicia)	1036	1332	1567	1439	2022	2481
Certificación Norma ISO 14000. Número de empresas (Galicia)	85	161	221	296	398	536
Indicadores de alta tecnoloxía						
% ocupados na industria intensiva en tecnoloxía	..	3,37	3,38	3,21	3,06	3,24
% ocupados en servizos de tecnoloxía punta	..	1,49	1,61	1,60	1,72	1,40
% de ocupados con educación superior	..	26,61	25,32	27,88	28,16	29,31
% de importacións de manufacturas intensivas en tecnoloxía	71,56	43,46	40,16	40,00	38,64	32,06
% de exportacións de manufacturas intensivas en tecnoloxía	86,78	55,19	54,00	51,78	49,70	41,56
% de empresas en ramas manufactureiras intensivas en tecnoloxía	0,74	0,75	0,75	0,74	0,72	..
% de empresas en ramas de servizos intensivos en formación de tecnoloxía punta	0,82	0,87	0,91	0,96	1,05	..
% de asalariados na industria intensiva en tecnoloxía	4,57	4,43	5,09	4,68	4,61	..
% de asalariados nos servizos intensivos en formación de tecnoloxía punta	0,61	1,24	0,75	0,88	0,86	..
Indicadores TIC						
Porcentaxe de penetración da banda ancha nos fogares galegos con acceso a internet (ADSL, RDSI, Cable,...)	35,99	45,22	61,79
Porcentaxe de empresas con acceso a Internet: mediante Banda ancha(1)	61,50	68,00	..	74,06

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral. Enquisa de Condicións de vida das familias. Directorio de empresas.

INE. Padrón Municipal de habitantes. Estadística sobre las actividades en I+D. Encuesta de uso de TIC y comercio electrónico.

OEPM (Oficina Española de Patentes y Marcas)

Xunta de Galicia. Presupuestos anuais.

Fundación para o fomento da calidade industrial e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

Agencia estatal de la administración tributaria.

(..) Dato non dispoñible

(*) Datos elaborados co PIB (IGE) base 2000

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
 e-mail: ige@xunta.es